Narración oral e teatro **público infantil +5** **45 min**

SINOPSE

É esta unha historia interpretada por Montse Piñón e Pepablo Patinho, a compañía Teatro Ghazafelhos, que plantexa: que pasaría se Pandora non abrira a caixa
É este un repaso divertido das distintas mulleres universais en xeral e galegas en particular que decidiron romper coa norma establecida e abrir a súa propia caixa iniciando un movemento imparable pola igualdade na ciencia, na literatura, e en tantos campos como o fixo Hipatia, Marie Curie, Ángeles Albariño, Margarita Robles, Katherine Johnson, Hedy Lamarr, Antonia Ferrin, Ángela Ruiz Robles, Rosalind Franklin,...
E en resumo, quereremos nós abrir a nosa propia caixa?

Teatro Ghazafelhos é unha compañía nacida en Narón no ano 2006 especializada en teatro de actor e clown. Trátase dunha das compañías galegas de referencia para público familiar. Ghazafelhos compóñena Montse Piñón, Pepablo Patinho e Jorge Casas. Unha compañía consolidada que nos sorprende con cada nova das súas producións, mesturando xéneros, falándonos de temas variados e levándonos a mundos cheos de maxia.